



FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26 do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1, recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constituán, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A Resolución de 18 de xullo do ano 2023, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 6 de xullo de 2023, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións para o ano 2024:

Fundacións do sector público autonómico

| | Explotación | Capital |
|---|----------------|---------------|
| Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía | 1.387 | 105 |
| Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia | 10.743 | 4.250 |
| Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 | 85.945 | 112 |
| Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica | 8.112 | |
| Fundación Galicia Europa | 897 | 6 |
| Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas | 2.157 | 4 |
| Fundación Semana Verde de Galicia | 3.310 | |
| Fundación Pública de Artesanía de Galicia | 1.019 | 3 |
| Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia | 3.724 | 4.682 |
| Fundación Exposicións e Congresos A Estrada | 204 | |
| Fundación Feiras e Exposicións de Lugo | 666 | 46 |
| Fundación feiras e Exposicións de Ourense | 1.534 | 23 |
| Instituto Feiral de A Coruña | 531 | |
| Instituto Feiral de Vigo | 1.175 | |
| Fundación Centro Tecnolóxico da Carne | 2.071 | 258 |
| Fundación Deporte Galego | 3.796 | 10 |
| Fundación Centro Tecnolóxico do Mar | 4.269 | |
| Fundación Galega Formación para o Traballo | 678 | 7 |
| Fundación Camilo José Cela | 376 | |
| Fundación Profesor Novoa Santos | 10.020 | 500 |
| Fundación Instituto Invest. Sanit. Santiago | 21.396 | 1.323 |
| Fundación Museo do Mar | 1.102 | |
| Fundación Biomédica Galicia Sur | 9.302 | 750 |
| Total | 174.416 | 12.079 |

(Miles de Euros)